



CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

Avda. Dr. Escobar s/n 27130 O Cadavo. - R.E.L. 01270044 - Tfno. (982) 354059 Fax (982) 354039

1 / 12

CONVOCATORIA DE PROCESO PARA A SELECCIÓN DUN/HA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira, Lugo, na sesión ordinaria do 17 de setembro do 2015 aprobou a convocatoria e bases reguladoras do proceso de selección de persoal laboral non permanente para a cobertura dun emprego de auxiliar de axuda no fogar do Concello de Baleira e creación dunha bolsa de emprego para a contratación temporal de auxiliares de axuda no fogar.

As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberán presentar unha instancia segundo modelo incluído nas bases dirixida ao Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Baleira, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do emprego ao que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

O prazo de presentación de instancias será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial do Estado. Se o último día fose sábado, domingo ou festivo o prazo rematará o día hábil seguinte.

As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Baleira ou mediante algunha das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, coa modificación introducida pola Lei 4/99.

A solicitude irá acompañada da documentación prevista nas bases.

As bases publicaranse no Boletín Oficial de Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello de BALEIRA e na páxina web www.concellobaleira.es. Tamén poderán recollerse nas oficinas do Concello en horario de oficina, de luns a venres de 8:00 a 15:00 horas, durante o prazo de presentación de instancias.

Baleira 01 de outubro do 2015.

O Alcalde

Asdo.: Angel Enrique Martínez-Puga López.

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL NON PERMANENTE PARA CUBRIR UN EMPREGO DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE BALEIRA, E PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR.

PRIMEIRA.—OBJECTO.—

É obxecto da presente convocatoria a provisión, polo sistema de CONCURSO-OPOSICIÓN, DE UN EMPREGO DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, para a prestación dos seus servizos no Concello de Baleira a usuarios do devandito servizo de axuda no fogar. A contratación xustifícase no aumento do número de horas financiado pola Xunta de Galicia para a prestación do servizo de axuda no fogar a persoas valoradas dependentes, sendo insuficiente o persoal do que dispón o concello para a súa prestación. Do mesmo xeito preténdese a creación dunha bolsa de emprego para a contratación, ante necesidades de carácter temporal, de personal que preste o mencionado servizo tanto a persoas valoradas dependentes como a persoas que o reciben por libre concorrência.



CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

Avda. Dr. Escobar s/n 27130 O Cadavo. - R.E.L. 01270044 – Tfno. (982) 354059 Fax (982) 354039

2 / 12

As probas selectivas seralles de aplicación, no non previsto nas presentes bases, a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997 de 22 de xuño de Administración Local de Galicia, Lei 7/2007 de 7 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia e demais disposicións aplicables.

SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DO EMPREGO.-

O número de empregos, a súa denominación e características relaciónanse de seguido:

- .- Número e denominación do emprego: **1 auxiliar de axuda no fogar.**
- .- Modalidade contractual: contratación laboral non permanente, indefinido (non fixo), mentres dure a financiación da Xunta de Galicia para a prestación do servizo que xustifica a presente contratación. A xornada será de luns a domingo, a xornada completa, cos descansos establecidos pola lexislación vixente.
- .- Funcións: Baixo a coordinación do Sr. Alcalde ou persoa en quen delegue, realizaranse as labores propias dun/ha auxiliar de axuda no fogar.
- .- Retribucións: serán as establecidas para postos similares do propio Concello.

TERCEIRA.— REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.-

Con carácter xeral, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data en que remate o prazo de presentación de instancias para poder tomar parte nas probas de selección:

- a) Ter nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público.
- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do emprego.
- e) Non ter sido despedido e/ou separado mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria a persoas en situación de dependencia ou equivalente (Ciclo medio de atención socio sanitaria), ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente (certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar). As persoas que non estean en posesión da devandita titulación ou certificado de profesionalidade poderán formar parte da bolsa, sempre que superen o proceso selectivo, ocupando na mesma postos inferiores ó das persoas que acrediten a devandita titulación ou dispoñan do certificado de profesionalidade,



CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

Avda. Dr. Escobar s/n 27130 O Cadavo. - R.E.L. 01270044 - Tfno. (982) 354059 Fax (982) 354039

3 / 12

por orde de puntuación, e mentres non entre en vigor a obrigatoriedade de posuir a devandita titulación ou certificación de profesionalidade.

Requisitos específicos:

.- As/Os candidatos/as ao proceso de selección deberán de dispor de medios propios para desprazarse ós diferentes lugares do termo municipal onde se deban desenvolver as tarefas relacionadas co traballo por entender que garda relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e as tarefas a desempeñar segundo a natureza do posto de traballo (art. 56.3 EBEP). O concello resarcirá a quilometraxe realizada tomando como referencia a contía establecida para os funcionarios en concepto de indemnizacións por quilometraxe.

.- Non atoparse incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente.

.- Posuir o Celga 3 ou superar un exame de galego coa cualificación de APTO.

CUARTA.—ANUNCIO DE CONVOCATORIA E PUBLICIDADE.-

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia e as bases publicaránse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos e na páxina web (www.concellobaleira.es). A data da súa publicación no Boletín Oficial do Estado será a que serva para determinar o inicio do cómputo do prazo para a presentación de solicitudes. Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de BALEIRA e na páxina web do concello (www.concellobaleira.es).-----
Unha vez publicado o anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, as bases estarán a disposición de calquera interesado/a.

QUINTA .- SOLICITUDES.-

1.— As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado deberán presentar unha instancia (modelo Anexo I), dirixida ao Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Baleira, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do emprego ao que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

Os/As aspirantes con discapacidade , se solicitan adaptacións para a realización das probas relativas á fase de oposición deberán facelo constar expresamente na instancia. Neste caso deberá presentarse documentación que acredite a discapacidade e xustifique a solicitude .

2.— O prazo de presentación de instancias será de **20 días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial do Estado . Se o último día fose sábado, domingo ou festivo o prazo rematará o día hábil seguinte. -----

3.— As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Baleira ou mediante algunha das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro ,de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, coas modificacións introducidas pola Lei 4/99.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:



CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

Avda. Dr. Escobar s/n 27130 O Cadavo. - R.E.L. 01270044 – Tfno. (982) 354059 Fax (982) 354039

4 / 12

- .- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, compulsada por ámbalas caras.
- .- Orixinal ou Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración no concurso (esta documentación non será excluín-te para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos). A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse.
- .- De sé-lo caso, fotocopia compulsada de documentación oficial que acredite o coñecemento da lingua galega no nivel CELGA 3 .Os/as candidatos/as que non dispoñan ou acrediten o mencionado nivel de galego deberán realizar un exame de galego e superalo coa cualificación de APTA/O.

SEXTA.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES.-

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias o Alcalde ditará resolución que conterà:

- a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación do motivo de exclusión.
- a designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- a data, hora e lugar en que se realizarán as probas, a valoración de méritos e o exame de galego.
- relación de candidatos /as que deberán de realiza-lo exame de galego. -----

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello.

2.- Durante os cinco días hábiles seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos poderánse presentar reclamacións á lista provisional. Se o último día fose sábado, domingo ou festivo o prazo rematará o día hábil seguinte. -----

No caso de non haber excluídos o se non se presentaren reclamacións , a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- Transcorrido o antedito prazo de cinco días , as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, publicándose no taboleiro de anuncios do concello e na web do concello , aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

SETIMA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente mediante resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Un Técnico experto, designado polo Alcalde. Con voz e voto.

Secretario: O da Corporación ou funcionario en quen delegue. Con voz pero sen voto.

Vogais: catro técnicos ou expertos, designados polo Alcalde. Con voz e voto.



CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

Avda. Dr. Escobar s/n 27130 O Cadavo. - R.E.L. 01270044 - Tfno. (982) 354059 Fax (982) 354039

5 / 12

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que determine o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre a do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización igual ou superior á esixida para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Os acordos serán adoptados pola maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do/a presidente/a.

O tribunal poderá dispoñer-la incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, ou colaboradores para a realización do proceso selectivo.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo ao/á Presidente/a cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art. 28 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no art. 29 da Lei 30/1992.

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

OITAVA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION.

O sistema de selección será de **CONCURSO-OPOSICIÓN**.

FASE DE OPOSICIÓN

Proba Teórica ou proba práctica

Poderase realizar, a criterio do tribunal, ben unha proba teórica, que consistirá nun cuestionario tipo test de 12 preguntas, cada pregunta suporá un punto e medio, ou en unha proba práctica .A puntuación máxima da proba teórica ou a proba práctica será de 18 puntos.

A proba teórica ou práctica serán de carácter obrigatorio e versarán sobre os contidos que de seguido se indican en relación ó servizo de axuda no fogar:

- Apoio domiciliario.
- Atención e apoio psicosocial.



CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

Avda. Dr. Escobar s/n 27130 O Cadavo. - R.E.L. 01270044 – Tfno. (982) 354059 Fax (982) 354039

6 / 12

- Atención sanitaria .
- Características e necesidades das persoas en situación de dependencia.
- Xestión e funcionamento da unidade de convivencia.
- Atención física das persoas en situación de dependencia.
- Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar (publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 28 de marzo do 2014).
- A Constitución Española:dereitos fundamentais.
- Concello de Baleira, territorio e órganos.
- Principio de igualdade entre homes e mulleres.
- Dereito á intimidade dos/as usuarios/as e protección de datos de carácter persoal no exercicio das funcións de auxiliar de axuda no fogar.

A proba será obrigatoria e puntuarase de 0 a 18 puntos.A puntuación mínima para superar a fase de oposición será de 09 puntos.

FASE DE CONCURSO

Valoración de Méritos

A tal efecto o Tribunal examinará e valorará a documentación presentada polos aspirantes e cualificará os méritos alegados e acreditados, de acordo co seguinte baremo:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL.

1º.-Por servizos efectivamente prestados en postos de similares características e funcións ao posto que se opta e dependentes dunha Administración Pública: 0,06 puntos por cada mes completo de servizo. No caso de servizos prestados na empresa privada: 0,03 puntos por cada mes completo de servizo.

As fraccións inferiores a meses completos computaránse en proporción ó número de días traballados .A devandita puntuación atribuiráse a contratacións a tempo completo, no caso de contratacións a tempo parcial a puntuación prorratearase segundo porcentaxe da xornada.

A xustificación deste apartado farase:

- no caso de traballador por conta allea: coa presentación de copia cotexada de contratos de traballo e do informe de vida laboral actualizado, proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social .Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración Pública . No caso de traballos realizados para unha empresa privada e para o caso de que dos contratos e informe de vida laboral non se derive a categoría do traballador/a poderá aportarse orixinal ou copia compulsada das nóminas . En todo caso valoraránse os servizos prestados sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.



CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

Avda. Dr. Escobar s/n 27130 O Cadavo. - R.E.L. 01270044 – Tfno. (982) 354059 Fax (982) 354039

7 / 12

- no caso de traballadores autónomos: mediante o informe de vida laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización, xustificante de alta no Censo de actividades económicas ou certificado acreditativo de estar de alta no dito Censo.
- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida, coa categoría profesional esixida nas presentes bases, e os seus períodos de tempo e xornada.

A puntuación máxima que se pode acadar por experiencia profesional será de 3 puntos.

B) FORMACIÓN.-

1.-Cursos de formación específicos relacionados co emprego a desenvolver.-

- 0,50 puntos por estar en posesión do diploma acreditativo dalgunha das seguintes especialidades: Auxiliar de Axuda a domicilio, auxiliar de Enfermería en Xeriatría, Coidador de Discapacitados Físicos e Psíquicos, Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, Empregada de Fogar, Atención Especializada en Enfermos de Alzheimer, Auxiliar de Enfermería en Hospitalización, Atención socio-sanitaria a persoas en domicilios, Coidados específicos a un enfermo de Alzheimer.

No caso de que o candidato/a acredite unidades de competencia, de forma independente, sen contar coas necesarias para a obtención do título, cada unha suporá 0,30 puntos.

Neste apartado presentárase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade.

NOTA: Os cursos deben estar realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, SPEE, organizacións sindicais, e outros cursos homologados pola administración pública.

A puntuación máxima neste apartado é de 2 puntos.

2 .Outros cursos.- Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta, realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, SPEE, organizacións sindicais así como os cursos homologados que teñan informe favorable da Comisión da Formación Continua da Comunidade Autónoma de Galicia :

- Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.
- Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.
- Cursos de 26 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.
- Cursos de 51 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.
- Curso de 101 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.
- Cursos de 151 e ata 200 horas: 0,20 puntos por cada un.
- Por cada curso de máis de 200 horas: 0,30 puntos.



CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

Avda. Dr. Escobar s/n 27130 O Cadavo. - R.E.L. 01270044 – Tfno. (982) 354059 Fax (982) 354039

8 / 12

Neste apartado de formación presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o tribunal poderá computalos como pertencentes ao suposto de 10 ata 25 horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego, non serán puntuados.

A puntuación máxima para este apartado de cursos é de 2 puntos.

C) CURSO DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS: 1,00 PUNTO.

Acreditarase mediante orixinal ou copia compulsada do correspondiente carné ou certificado expedido por entidade competente.

A puntuación máxima para a fase de concurso é de 8,00 puntos.

NOVENA.—PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E FORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA O POSTO DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR.

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e de concurso, establecendo a orde definitiva de aspirantes, e publicando no taboleiro de anuncios e a páxina web do concello a dita puntuación do proceso selectivo. Durante os cinco días hábiles seguintes á publicación no taboleiro de edictos do concello poderanse presentar alegacións ás mencionadas cualificacións. Se o último día fose sábado, domingo ou festivo o prazo rematará o día hábil seguinte.

En caso de empate, o desempate realizarase, en primeiro lugar, a favor da persoa que posúa maior experiencia profesional relacionada co emprego a desenvolver. Como segundo criterio de desempate, este dirimirase a favor da persoa que obtivese unha maior nota na proba teórica ou práctica.

Se aínda así, segue a persistir o empate, o seguinte criterio de desempate será a favor da persoa que posúa unha maior puntuación no apartado de cursos, considerando en primeiro lugar os cursos de formación específicos (apartado B1 do baremo de méritos). Se aínda así, segue a persistir o empate, consideraranse en segundo lugar os cursos de formación relacionados coas funcións propias do emprego a desenvolver (apartado B2 do baremo de méritos).

O Tribunal realizará unha proposta de resolución para a contratación ao candidato/a que máis puntuación final obtivese e que cumpra o requisito xeral referido na base terceira apartado f) non podendo propoñer un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

Os/As restantes candidatos/as que superaron o proceso selectivo (fase de oposición), pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados/as, sempre que cumpran o requisito xeral referido na base terceira apartado f), no caso de que a persoa seleccionada non asine o contrato no prazo que se lle sinala ou ben renuncie ao emprego.



CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

Avda. Dr. Escobar s/n 27130 O Cadavo. - R.E.L. 01270044 – Tfno. (982) 354059 Fax (982) 354039

9 / 12

Os/As candidatos/as non contratados/as e que superaron o proceso selectivo (fase de oposición) pasarán a formar parte dunha bolsa de emprego, pola orde decrecente de puntuación, para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación ,así como necesidades de contratación doutras/os auxiliares de axuda no fogar do Concello , por vacacións, baixas por incapacidade, substitucións, novas necesidades de prestación do servizo ou outras necesidades circunstanciais ,quedando establecida a vixencia da bolsa en tanto non se aprobe unha nova e mentres se estime necesario o mantemento da mesma.En todo caso, a permanencia na bolsa dos/as candidatos/as que formen parte da mesma non poderá ser superior a tres anos. Os candidatos/as que superaran o proceso selectivo e que non dispuxeren do requisito xeral referido na base terceira apartado f) ocuparán na bolsa postos inferiores , aínda que tiveran máis puntuación, ós candidatos que dispuxeren do mencionado requisito de xeito que estes últimos (os que dispoñan de certificado de profesionalidade ou formación profesional correspondiente) formarán parte da bolsa segundo orde de puntuación obtida no proceso selectivo, e seguidamente integrarán a mesma, tamén por orde de puntuación, os candidatos que non dispuxeren do mencionado requisito que só poderán ser contratados/as sempre que non haxa na bolsa candidatos/as que dispoñan do mencionado requisito establecido na base terceira apartado f), e tan só poderán permanecer na mesma mentres non sexa obrigatorio o seu cumprimento e se manteña a prórroga da Xunta de Galicia para a súa esixencia .

O funcionamento desta bolsa de emprego rexeráse polas seguintes regras:

1ª.- A comunicación ó /a candidato/a integrante da bolsa a quen corresponda contratar realizarase mediante correo certificado con acuse de recibo, por unha soa vez. O/A candidato/a deberá comunicar a aceptación ou o rechazo do posto seleccionado para a contratación por escrito no prazo máximo de 3 días hábiles dende a recepción da correspondente comunicación . Se o/a candidato/a rexeita a contratación ou non se comunica a debida resposta, o/a funcionario/a encargado/a da xestión da bolsa realizará unha dilixencia en tal sentido de renuncia ou non comunicación de resposta do candidato/a.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o/a funcionario/a que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta, así coma o sentido desta. Tamén poderase realizar esta convocatoria mediante correo electrónico.

2ª.- O chamamento efectuarase respectando a orde na que os integrantes figuren na bolsa salvo que, por imposibilidade derivada da normativa laboral, non poda formalizarse con ese aspirante o contrato laboral temporal requirido.



CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

Avda. Dr. Escobar s/n 27130 O Cadavo. - R.E.L. 01270044 – Tfno. (982) 354059 Fax (982) 354039

10 / 12

Unha vez finalizado o correspondente contrato laboral formalizado cun traballador integrante da bolsa, este se reincorporará á mesma, pasando a ocupar o último posto, unha vez que finalice o contrato laboral e sempre que o tempo de contratación total (con un ou varios contratos) co concello sexa igual ou superior a catro meses. Se o tempo é inferior ocupará o mesmo lugar que ocupaba ata o momento da contratación. En todo caso a permanencia na bolsa será como máximo de tres anos . De tratarse dun/ha candidato/a que dispuxere do requisito referido no apartado f) da base terceira o último posto, cumprido o tempo de contratación total dos catro meses, será o que corresponda despois do último dos candidatos/as da bolsa que dispuxeren do mencionado requisito (formación profesional correspondiente ou certificado de profesionalidade) e antes dos/as candidatos/as que non dispuxeren do mesmo.

Para o caso de que, chamado un integrante da bolsa para unha contratación temporal, renuncie á contratación proposta, non perderá por iso o seu dereito á pertenza á mesma, pero pasará a ocupar o último lugar dentro dela. Non obstante o anterior, non perderá a súa posición na bolsa se a renuncia está debidamente xustificada.

3ª.- En ningún caso a mera pertenza á bolsa implicará dereito algún a obter contrato laboral,garantíndose unicamente que, cando o Concello considere conveniente a súa utilización polos motivos que foran ,se respectará o procedemento de chamamento regulado nestas bases.

4ª.- A bolsa de traballo poderase abrir, por un prazo de 20 días naturais, no momento no que o servizo municipal correspondente o considere oportuno, por non quedar efectivos na mesma en número suficiente para atender as necesidades que se presenten.

DECIMA.—APORTACIÓN DE DOCUMENTOS.

A/O aspirante proposto/a para ser contratado/a presentará na Secretaría do Concello, nos dez días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados e proposta de resolución do tribunal, os seguintes documentos:

- a) Copia autenticada do DNI.
- b) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.
Se o/a aspirante proposto tivese a condición de discapacitado/a acreditará mediante o certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións do emprego.
- c) Declaración xurada de disposición de medios propios para realizar os desprazamentos propios desta ocupación aos respectivos domicilios.
- d) Declaración xurada de non ter sido despedido nin separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.



CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

Avda. Dr. Escobar s/n 27130 O Cadavo. - R.E.L. 01270044 - Tfno. (982) 354059 Fax (982) 354039

11 / 12

Se o último día fose sábado, domingo ou festivo o prazo rematará o día hábil seguinte.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, o/a aspirante non presentase a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas tódalas actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incorrer por falsidade na instancia ou na documentación presentada. Neste caso formularase proposta de contratación a favor do/a seguinte da lista que reuna os requisitos esixidos nas presentes bases.

UNDECIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.-

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior o Alcalde - Presidente da Corporación, ditará resolución na que se resolva o proceso selectivo e se ordene a contratación laboral a favor da persoa proposta polo Tribunal.

O modelo de contrato de traballo a utilizar será, para o candidato/a seleccionado/a, de laboral indefinido nos termos dispostos na base segunda, e nos casos de contratación de candidatos/as que formen parte da bolsa de traballo o de duración determinada na modalidade do mesmo mais axeitada ao caso concreto: realización de obra ou servizo determinado, interinidade (para cubrir provisoriamente as vacantes ou ausencias que se poidan producir como baixas) ou eventual por circunstancias de produción (substitucións de vacacións). As contratacións de carácter temporal que se realicen con candidatos/as da bolsa serano a tempo completo ou parcial atendendo ás necesidades do servizo que motiven a contratación.

DÉCIMO SEGUNDA.—NORMA FINAL.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, e na Lei de Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

ANEXO I (modelo de instancia)

D./D.^a, con
DNI....., nado/-a(data nacemento),
veciño/-a de....., con enderezo
en.....
..... e teléfono/s de contacto.....fax nºe
correo electrónico.....

EXPON:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para cubrir a contratación de 1 emprego de auxiliar de axuda no fogar e formación dunha bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar de conformidade coa convocatoria aprobada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira de data ____ de _____ de 2015.



CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

Avda. Dr. Escobar s/n 27130 O Cadavo. - R.E.L. 01270044 – Tfno. (982) 354059 Fax (982) 354039

12 / 12

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que non estou incurso/o en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego.

Así mesmo, declaro que non estou despedido/a nin separada/o do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitada/o por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados: (relación de documentación esixida e de méritos alegados):

Por tanto SOLICITO:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

No caso de ter a condición de discapitado:

Asimesmo solicito, as seguintes adaptacións necesarias para a realización da proba da fase de oposición e , de sé-lo caso, curso de galego:

.....

Baleira,..... de de 2015.

(sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE BALEIRA (LUGO) Avda. Doutor Escobar, s/n 27130

O Cádavo-Baleira,.

O AlcaldeAsdo.: Angel Enrique Martínez-Puga López.

